

**3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

**INSTRUCIÓNS:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es) , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. "Axiña" é:**

- A) Un adverbio
- B) Un adxectivo
- C) Un substantivo
- D) Un pronome

**2. Sinale o significado correcto da palabra "tardego":**

- A) Froito que madura tarde, que se colle fóra de tempo, máis tarde do que é habitual
- B) Clase de animais invertebrados de tamaño microscópico, que viven en lugares húmidos e na auga doce, co corpo alongado e segmentado, catro pares de patas e presentan estados de latencia que poden durar anos
- C) Primeiro momento do serán, cando comeza a poñerse o Sol
- D) Obxecto, especialmente o que se considera inútil ou está en desuso

**3. Inflamación da glándula tiroide:**

- A) Tiroiditis
- B) Tiroidite
- C) Tirizó
- D) Tironiano

**4. Só unha das catro seguintes series é correcta ortográficamente. Indique cal:**

- A) polbo-beira-reventar-avogado
- B) polbo-veira-rebentar-abogado
- C) polvo-veira-reventar-abogado
- D) polbo-beira-rebentar-avogado

**5. Indique o número que figura escrito de forma incorrecta en letra:**

- A) 200: douscentos/duascentas
- B) 400: catrocentos/as
- C) 101: cento un/unha
- D) 170: centosetenta

**6. Unha das seguintes palabras non está escrita correctamente. Sinálea:**

- A) Detractor
- B) Dialecto
- C) Obstrucción
- D) Obxecto

**7. Sinale o significado correcto da palabra "voda":**

- A) Cerimonia mediante a cal dúas persoas contraen matrimonio
- B) Persoa que reúne as calidades necesarias ou convenientes para algo
- C) Que é agradable aos sentidos
- D) Que fai ben aos demais

**8. Sinale o significado correcto da palabra "dioivo"**

- A) Dispositivo electrónico formado por dous electrodos, un ánodo e un cátodo, que deixa pasar a corrente eléctrica nunha soa dirección
- B) Planta monocotiledónea, herbácea ou leñosa, con flores pequenas, follas pecioladas, froita en casula ou baga, e tubérculos ou rizomas que se empregan como alimento
- C) Antónimo de monoico
- D) Chuvia moi abundante e corrente que orixina

**9. Escolla a tradución correcta de "Sólo cometen delito los que van contra la ley":**

- A) Soio cometen delicto os que van contra a lei
- B) Só cometen delito os que van contra a ley
- C) So cometen delito os que vaian contra a lei
- D) Só cometen delito os que van contra a lei

**10. Escolla a definición correcta de "gando":**

- A) Conxunto de animais mansos
- B) Berro, chíó, ladrido
- C) Elegancia, donaire
- D) Antro, casa de xogo

Preguntas de reserva

**1. Os vocábulos "enxurrada" e "arroiada" son entre sí:**

- A) Sinónimos
- B) Antónimos
- C) Homónimos
- D) Forman parte da mesma familia léxica

**2. Sinale cál das seguintes palabras non é sinónimo de "esmorga":**

- A) Carallada
- B) Pándega
- C) Branda
- D) Gandaina